

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA UN CONTRATO PRIVADO DE ARRENDAMENTO NA SÚA MODALIDADE DE ALUGUER SOCIAL DE FINCA URBANA MUNICIPAL, MEDIANTE CONCURSO, PARA USO COMO VIVENDA NO TERMO MUNICIPAL DE PONTE CALDELAS.

Reunidos no concello de Ponte Caldelas, con data 21 de xullo de 2015, ás 14:30 horas, e unha vez constituída a mesa, convocada por Xunta de Goberno Local o 20.07.15 conforme á composición da mesma, sinalada na cláusula 6ª do prego de cláusulas administrativas que rexerá o procedemento de licitación.

Asisten á mesma as seguintes persoas:

Presidente: O Sr. Alcalde, D. Andrés Díaz Sobral

Vogais:

Dª Elvira Crespo Casal – Secretaria accidental do Concello.

Dª Maruxa Cabaleiro Cuíñas – Interventora do Concello

Dª Ana Mª Pazos Sánchez – Asistente Social do Concello

Dª Eva Mª Moldes Casal – Educadora Social do Concello

Secretaria: Dª Iria Fernández Peón – funcionaria administrativa do Concello.

Constituída a mesa, dase conta á mesma que unha vez exposta no taboleiro de anuncios e no perfil do contratante a lista provisional de admitidos coa correspondente puntuación non se produciron alegacións, convertíndose así en definitiva.

Procédese a dar conta do Informe de Servicios Sociais, que copiado literalmente di:

“Informe de valoración técnica

En relación á adxudicación do contrato de arrendamento na súa modalidade de aluguer social de finca urbana municipal, para o seu uso como vivenda, no municipio de Ponte Caldelas, ubicada en Caritel, nº: 80, á vista da lista resultante e a non presentación de alegacións, e tendo en conta o informe de Valoración Técnica emitido pola Traballadora Social, o 25 de xuño de 2015, se informa:

Que o expediente número 2355, conta con toda a documentación requirida para a súa valoración social e económica.

Que o expediente número 2355 cumpre cos requisitos a, b, c e d, contando cunha puntuación total de 15 puntos.

Por todo o recollido procede a súa adxudicación para aluguer social.

Ponte Caldelas, 21 de xullo de 2015.

A TRABALLADORA SOCIAL

Asdo.: Ana Mª Pazos Sánchez”

Visto o do exposto e o contido do dito informe, pola unanimidade dos membros da mesa, acórdase o seguinte:

Primeiro: Propoñer o seguinte listado definitivo de admitidos:

- Expediente **2355**. Puntuación: 15 puntos.

Listado definitivo de excluídos: Ningún

Segundo: Propoñer ó órgano de contratación a adxudicación do contrato a favor do solicitante con expediente 2355, así como se lle requira a documentación oportuna para que a presente no prazo de 10 días.

Terceiro: Publicar a presente acta no Perfil do Contratante e no Taboleiro de Editos do Concello.

Ponte Caldelas, 21 de xullo de 2015

O Presidente,

A secretaria da mesa,



Vogais,